

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA CO GALLO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Este 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queremos expresar o noso completo compromiso coa loita contra calquera forma de violencia exercida contra as mulleres por parte das súas parellas actuais ou anteriores, sexa de xeito físico ou psicolóxico. As máis de 40 que foron asasinadas a mans dos seus compañeiros ou ex compañeiros sentimentais no que vai de 2014 son mostra da gravidade desta problemática, que moitas veces queda silenciada na vida diaria.

Na nosa sociedade é imprescindible facer fincapé na necesidade de erradicar a lacra da violencia machista, e neste senso a educación ten un papel clave. Este tipo de violencia exerceuse contra a muller polo simple feito de selo, por considerar que está nunha situación de inferioridade respecto ao home e lle debe subordinación.

As estatísticas reflicten como persisten actitudes sexistas contra a muller, que adoptan novas formas e conviven coas tradicionais. Entre as máis relevantes, as xeradas no marco das tecnoloxías da comunicación, que permiten formas de acoso que as mozas non deben tolerar. As xeracións máis novas deben medrar asumindo que o control, o abuso, os celos, esixir obediencia, os menosprezos ou a autoridade, por exemplo, non son elementos positivos nunha relación de parella e son formas de violencia que poden abrir as portas a comportamentos máis graves.

O maltrato psicolóxico é máis difícil de detectar, destrúe a autoestima da vítima e o deterioramento é moi grave. Por iso, desde o COPG considérase alarmante ler estudos que recollen como entre a mocidade se continúa a pensar que o lugar da muller está na casa ou que a violencia de xénero é unha cuestión de marxinalidade social.

As e os adolescentes necesitan recoñecer a violencia machista para non aceptar nin exercer actitudes, polo que é preciso que no ámbito da educación se realicen labores de sensibilización desde ben cedo. Cómpre lembrar que do conxunto das mulleres asasinadas en 2013, case a terceira parte tiña menos de 30 anos, e de acordo coa Memoria da Fiscalía Xeral do Estado de 2012, os casos de violencia de xénero que afectaron a menores aumentaron un 33% en tan só un ano.

Non debemos confiar en que as actitudes e os roles de xénero están superados nas xeracións máis novas. É fundamental abordar de xeito

transversal as relacións igualitarias e fomentar o respecto entre homes e mulleres nos propios centros educativos. Deste xeito conseguiremos crear conciencia xa desde a nenez.

Grazas ás políticas preventivas e de intervención psicolóxica nas idades máis temperás é que se poderá evitar e eliminar a lacra da violencia contra a muller, erradicando as desigualdades sobre as que se asenta.

Reivindicamos a importancia dos e das profesionais da Psicoloxía na prevención, elaborando protocolos de detección e programas de intervención nos centros educativos e achegando pautas que contribúan a establecer valores de igualdade e a erradicar estereotipos machistas. Prestar atención ás primeiras relacións afectivo-sexuais é unha ferramenta eficaz para a prevención da violencia de xénero.

A sociedade en xeral e as institucións en especial temos a responsabilidade de transmitir valores de igualdade e de loitar para eliminar a violencia de xénero, que non distingue entre nacionalidades nin niveis económicos ou educativos. Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia hai máis de dez anos que vimos ofrecendo un de asistencia integral ás vítimas (mulleres, menores e persoas dependentes) que sofren malos tratos de xeito completamente gratuíto e confidencial, en menos de 48 horas unha vez solicitado. Ademais, o programa Abramos o Círculo ofrece atención psicolóxica especializada a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar que desexan saír desta situación.

A psicoloxía pode facilitar a recuperación das persoas que experimentaron a violencia de xénero e facilitar unha evolución posterior que lles permita abordar as relacións doutro xeito, en igualdade e respecto.

A Xunta de Goberno do COPG

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2014

Eliana Martíns
686 994 089
Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es